

VIERNES, 11 de abril de 2008

LUCES

Historias dun oficio

D. S. | 11 ABR 2008

Archivado en: Traducciones Literatura Cultura

Ao longo da súa vida, Álvaro Cunqueiro, pasou ao galego poemas de autores de todo o mundo. Malia ao seu coñecemento limitado dos idiomas orixinais, o autor de Merlín e familia publicou versións dos beat estadounidenses Gregory Corso, Allen Ginsberg ou Lawrence Ferlinghetti, dos franceses Paul Éluard ou Guillaume Apollinaire, ou do inglés William Blake. A editorial Galaxia está a piques de enviar ás librarías o volume Hölderlin, que recolle as traducións cunqueriás do poeta romántico alemán.

Antes de Cunqueiro e da Guerra Civil, foi Ramón Otero Pedrayo, a través da revista Nós, quen marcou o fito fundacional da tradución galega moderna. En 1926, catro anos despois da primeira edición en París, publicaba os primeiros fragmentos en lingua peninsular de Ulises, de James Joyce, un empeño que ficou suspendido até a actualidade. O Ulises en galego, obra dun equipo no que se atopa o escritor Xavier Queipo, descansa nas gabetas de Galaxia á espera da resolución dun problema de dereitos.

Mesmo os irmáns Vilar Ponte, canda Plácido Castro, dedicaron tempo a William Butler Yeats: Dous folk-dramas. Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega metéronlle man ao filósofo Martin Heidegger e, contra 1956, deron ao prelo Da esencia da verdade, unha das primeiras versións peninsulares non fragmentarias do sabio da Selva Negra.